

PLAN DIXITAL

CEIP Flavia

[Versión 1.0_ xuño 2022]

Índice do Plan Dixital

1. **Introdución**
 - 1.1. Datos básicos do centro
 - 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
 - 1.3. Breve xustificación do mesmo
 - 1.4. Proceso de elaboración

2. **Situación de partida**
 - 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
 - 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
 - 2.3. Análise DAFO

3. **Plan de Acción**
 - 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
 - 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. **Avaliación do PD**
 - 4.1. Seguimento do Plan de Acción
 - 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. **Difusión do PD**

1. Introducción

1.1. Datos básicos do centro

O noso centro atópase na vila de Padrón, máis especificamente na Rúa do Carme. Conta cun total de 25 mestres e mestras e 270 alumnos e alumnas, impartindo as etapas de Educación Infantil e Educación Primaria.

En concreto, o centro conta con tres unidades de E.I. e once unidades de E.P.

A nosa dirección de correo electrónico é a seguinte: ceip.flavia@edu.xunta.es e o teléfono de contacto é 881 86 62 45.

A educación entendémola dunha maneira global como o desenvolvemento da personalidade humana, debendo ser a actividade escolar un medio para acadala. Toda a actividade do centro está presidida polo respecto aos dereitos individuais, baseada na tolerancia e principios democráticos de convivencia, fomentando a solidariedade, a cooperación, a pa,...

Fomentamos o respecto polas persoas, pola natureza e polas cousas, así como a colaboración e as actitudes non discriminatorias así como a responsabilidade.

Fomentamos a participación activa da Comunidade Escolar na xestión do centro, de acordo coas disposicións vixentes.

Son principios irrenunciáveis a liberdade de conciencia de alumnas e alumnos e profesorado así como o respecto pola súa integración e dignidade persoal. A contorna do colexio e as particularidades socioculturais e lingüísticas de Galicia serán de obrigada referencia en todos os actos e programacións deste centro.

O noso centro traballa xa nas liñas de, benestar emocional, alimentación saudable, das relacións afectivo-sexuais e da prevención e uso do internet ou redes sociais (ciberacoso) a

través de diferentes programas da Consellería de Educación e Formación Profesional e outros a través do Concello de Padrón.

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

A procedencia dos alumnos na súa maioría é do entorno rural, viven en casas unifamiliares.

Traballan as grandes empresas da zona e ademais cultivan a terra, en xeral como apoio a economía doméstica. Segundo os datos obtidos da AVALÍA, aínda que non son representativos pero si orientativo, o Índice Socioeconómico e Cultural do Centro (ISEC) está no percentil 452 (Medio Baixo).

Outra parte non menos importante procede do casco urbano.

Herbón, Carcacia, A Retén e A Ponte son as áreas de influencia e, ademais, o centro tamén acolle a alumnos de concellos limítrofes como Dodro, Rois e Pontecesures

A relación do Plan dixital co noso proxecto educativo é canto menos, estreita, debido a que o noso obxectivo principal é avanzar na educación e incorporar a tecnoloxía ao noso espazo educativo sempre de forma segura e responsable. Creando así contidos dixitais que permitan ao noso alumnado adquirir uns coñecementos enriquecedores no seu proceso de ensinanza-aprendizaxe. En canto á PXA do curso 22/23, é ineludible que o Plan Dixital contará cun oco nela, facendo fincapé nos obxectivos plantexados para ese curso que expoñemos máis adiante neste mesmo documento e tendo como obxectivo principal acadar os mesmos.

1.3. Breve xustificación do mesmo

Para poder elaborar o noso Plan dixital debemos ter en conta o marco legislativo vixente.

A **Lei Orgánica 2/2006 do 3 de maio de Educación**, na disposición 738 define a competencia dixital como *“aquela que implica o uso creativo, crítico e seguro das tecnoloxías da información e a comunicación para alcanzar os obxectivos relacionados co traballo, a*

empregabilidade, a aprendizaxe, o uso do tempo libre, a inclusión e participación na sociedade. Esta competencia supón, ademais da adecuación aos cambios que introducen as novas tecnoloxías na alfabetización, a lectura e a escritura, un conxunto novo de coñecementos, habilidades e actitudes necesarias hoxe en día para ser competente nunha contorna dixital”. Isto con leva o coñecemento das principais aplicacións informáticas. Supón tamén o acceso ás fontes e o procesamento da información; e o coñecemento dos dereitos e as liberdades que asisten ás persoas no mundo dixital.

A **Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro**, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación. Do Artigo 111 destacamos entre outros, o punto 2. Os contornos virtuais de aprendizaxe que se empreguen nos centros docentes sostidos con fondos públicos facilitarán a aplicación de plans educativos específicos deseñados polos docentes para a consecución de obxectivos concretos do currículo e deberán contribuír á extensión do concepto de aula no tempo e no espazo. Por isto deberán, respectando os estándares de interoperabilidade, permitir aos alumnos e alumnas o acceso, desde calquera sitio e en calquera momento, aos contornos de aprendizaxe dispoñibles nos centros docentes en que estuden, con pleno respecto ao disposto na normativa aplicable en materia de propiedade intelectual, privacidade e protección de datos persoais. Así mesmo, promoverán os principios de accesibilidade universal e deseño para todas as persoas, tanto en formatos e contidos como en ferramentas e contornos virtuais de aprendizaxe.»

Punto 5. As administracións educativas e os equipos directivos dos centros promoverán o uso das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC) na aula como medio didáctico apropiado e valioso para levar a cabo as tarefas de ensino e aprendizaxe. As administracións educativas deberán establecer as condicións que fagan posible a eliminación no ámbito escolar das situacións de risco derivadas da inadecuada utilización das TIC, con especial atención ás situacións de violencia na rede. Fomentarase a confianza e seguridade no uso das tecnoloxías prestando especial atención á desaparición de estereotipos de xénero que dificultan a adquisición de competencias dixitais en condicións de igualdade.»

Punto 7. As administracións públicas velarán polo acceso de todos os estudantes aos recursos dixitais necesarios, para garantir o exercicio do dereito á educación de todos os nenos e nenas en igualdade de condicións. En todo caso, as tecnoloxías da información e da comunicación (TIC) e os recursos didácticos que se empreguen axustaranse á normativa reguladora dos

servizos e sociedade da información e dos dereitos de propiedade intelectual, e concienciarán no respecto dos dereitos de terceiros.»

Ademais debemos facer mención tanto á Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022 como á Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022.

Por último, o Plan de Acción de Educación Dixital, da Unión Europea, preténdese transformar dixitalmente aos centros para que como organizacións sexan dixitalmente competentes nos procesos de ensino-aprendizaxe co fin de mellorar as competencias da comunidade educativa.

1.4. Proceso de elaboración

Para elaborar este documento foron varias as fases que atravesamos. Para iso, combinamos sesión grupais con algunha sesión de traballo individual. Estas últimas permitían unha revisión profunda dos diferentes avances que íamos experimentando así como unha reflexión individual que despois puxemos en común. Nun primeiro momento empregouse a plataforma SELFIE para analizar o funcionamento dixital do centro dende tres puntos de vista: o do equipo directivo, profesorado e familias.

O seguinte paso foi un test de competencia dixital docente que nos permitiu coñecer o noso nivel en canto a competencia dixital. Todo iso empregámolo máis tarde na realización do análise DAFO. Este análise trouxo consigo debates de grande interese sobre as debilidades, fortalezas, ameazas e oportunidades do noso centro. Levounos a desenvolver un punto de vista realista sobre a propia realidade da escola. E, tendo o DAFO como guía, establecimos unha serie de obxectivos que se recollen posteriormente neste documento. Todos eles medibles, observables, realistas...que permitirán avanzar na dixitalización do centro tendo

todo iso como obxectivo principal, brindarlles aos nosos nenos e nenas unha formación de calidade e enriquecedora.

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

En canto á infraestrutura dixital contamos por unha parte con conexión WIFI no centro aínda que a súa calidade non é suficiente para poder empregala de maneira complementaria ao proceso de ensinanza-aprendizaxe. Isto débese á súa inestabilidade, o que fai que, en ocasións, non se poidan poñer en marcha ou empregar os recursos dixitais que preparamos para as aulas. Por outra parte, en relación á infraestrutura de voz contamos con varios teléfonos no centro, un deles inalámbrico.

No que a equipamento se refire todas as aulas están dotadas de ordenador e pantalla dixital, algunhas delas interactivas. Ademais do proxector correspondente para poder empregalas. A todo isto engadir que a sala de mestres/as está dotada con tres equipos de sobremesa. Á súa vez contamos con 18 ordenadores novos para instalalos na aula de informática que se creará no centro o próximo curso.

Catro robots, un dron e *tablets* forman parte tamén do noso equipamento. Ademais, a Consellería dotou ao centro con equipos informáticos e conexión para o alumando en risco.

Con todo isto afirmamos que as nosas aulas se atopan dixitalizadas (a pesar da antigüidade dos equipos), contamos tamén con ordenadores nos despachos do equipo directivo e na biblioteca do noso centroponse en marcha o proxecto MEIGA.

En derradeiro lugar, no centro facemos uso da páxina web, de espazoAbalar e, nalgúns casos, da aula virtual sempre tendo en conta, por suposto, a **Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais (LOPD-GDD)** e as implicacións que esta lei ten nos centros educativos.

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

Autoavaliación SELFIE:

Areas	Grupos	Ensinanzas				
		Primaria	ESO	Bacharelato	FP	Ed. Post sec.
A -Liderado	Equipo Direct.	3	-	-	-	-
	Profesorado	3.4	-	-	-	-
	Alumnado	-	-	-	-	-
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	3.3	-	-	-	-
	Profesorado	3.1	-	-	-	-
	Alumnado	3	-	-	-	-
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	4.2	-	-	-	-
	Profesorado	3.5	-	-	-	-
	Alumnado	2	-	-	-	-
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	4.1	-	-	-	-
	Profesorado	3.7	-	-	-	-
	Alumnado	-	-	-	-	-
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	4	-	-	-	-
	Profesorado	3.9	-	-	-	-
	Alumnado	-	-	-	-	-
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	3.4	-	-	-	-
	Profesorado	3.4	-	-	-	-
	Alumnado	2.6	-	-	-	-
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	2.3	-	-	-	-
	Profesorado	3	-	-	-	-
	Alumnado	-	-	-	-	-
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	3	-	-	-	-
	Profesorado	3.2	-	-	-	-
	Alumnado	3.3	-	-	-	-

Test CDD:

Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	20	22	90'9%
PROVISIONAL	1	1	100%
INTERINO	1	1	100%
SUBSTITUTO	1	4	25%
OUTROS	1	1	100%

Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
68'8	Integrador/a (B1)	76'4	Integrador/a (B1)

Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
E.I.	62	Explorador/a (A2)	68'2	Integrador/a(B1)
E.P.	68'7	Integrador/a (B1)	77	Integrador/a (B1)

Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1	1	4'2%
A2	10	41'7%
B1	12	50%
B2	-	-
C1	1	4'2%
C2	-	-
TOTAL	24	100%

2.3. Análise DAFO

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	Existen dispositivos dixitais administrados pola escola para que os estudantes poidan empregar O soporte técnico do centro está dispoñible en caso de contar con problemas cos soportes tecnolóxicos Contamos con dispositivos dixitais para empregar no proceso de ensinanza aprendizaxe.	O acceso a internet do centro é, en gran medida, mellorable Equipos antigos
	PERSOAL DOCENTE	Utilizamos recursos dixitais nas nosas aulas Os mestres/as do noso centro teñen a oportunidade de levar a cabo unha formación permanente de carácter dixital No centro revisamos os avances en relación ao proceso de ensinanza aprendizaxe e a competencia dixital Os docentes do centro reciben o apoio dos líderes escolares para desenvolver e formarse en competencia dixital	Escasa utilización de ferramentas dixitais para que se produza unha retroalimentación co alumnado e tampouco para avaliar as súas habilidades. A estratexia dixital do centro non está completamente definida
	PERSOAL NON DOCENTE	O persoal non docente conta con competencia dixital.	
	ALUMNADO	Ensinamos a empregar a tecnoloxía de maneira segura e responsable	Non aprenden a crear contidos dixitais

		Contamos con equipos informáticos e conexión para o alumnado en risco	
	FAMILIAS		
	OFERTA	Apoio ao claustro para que utilice as tecnoloxías dixitais no día a día da aula	Escasos medios por parte das familias. Baixa competencia dixital por parte das familias
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO	Os nosos docentes levan a cabo propostas dixitais a través das cales se fomenta a creatividade Empregamos a tecnoloxía para as comunicacións relacionadas coa escola No noso centro existen sistemas de protección de datos	Non se emprega a tecnoloxía para que os estudantes reflexionen sobre o seu propio aprendizaxe Non hai feedback

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	Solicitar EDIXGAL	Ratios elevadas que impiden a atención individualizada Equipamento obsoleto das aulas. Conexión a internet inestable e insuficiente
	LEXISLACIÓN	Establecer un plan de acción a nivel centro en canto aos contidos que se impartirían en cada nivel	Cambios lexislativos constantes
	CONTORNA	Dar a coñecer aplicacións para crear contidos ao profesorado como Ageiro. Poder formarse en Edixgal antes de implantalo para ter maior seguridade no manexo. Poder formarse e alcanzar coñecemento para a creación de contidos dixitais	Escasos cursos formativos desta índole
	ANPA	Realización de actividades extraescolares relacionadas coa competencia dixital tanto para familias como para o alumnado	Custo económico e interese por parte das familias
	OUTRAS ENTIDADES	Formación do profesorado	En ocasións non se contabiliza pola administración estos cursos de formación Custo económico

3. Plan de Acción

3.1. Obxectivos, indicadores e accións

Tras levar a cabo o análise DAFO e tendo en conta os resultados do SELFIE, o equipo de dinamización do Plan Dixital acordou establecer uns obxectivos realistas que nos permitiran ir un paso máis alá na dixitalización do noso centro. Establecimos a necesidade de formación en competencia dixital dos mestres e mestras como algo básico e necesario para poder ser realmente competentes neste ámbito e ofrecerlles a mellor formación posible ao noso alumnado.

Para este obxectivo o noso primeiro paso será unha enquisa sobre a necesidade de formación. Para, nun segundo lugar, poñer en marcha a solicitude destes cursos formativos que formarán parte da nosa formación permanente. Tendo como obxectivo, por último, participar nos mesmos e adquirir novos coñecementos. Agardamos que como mínimo a metade do noso claustro remate o próximo curso participando en cursos de formación dixital e, en canto ao responsable deste obxectivo, este será o equipo TIC do centro.

O segundo obxectivo que establecimos foi a utilización da aula virtual do centro como unha ferramenta para a retroalimentación co noso alumnado. Neste caso resulta de gran importancia empregar este recurso para reforzar os *feedbacks* con eles e elas. Para que poida ser posible facemos fincapé de novo na formación do noso equipo docente. Así, durante o segundo e terceiro trimestre do curso poderíamos comezar a utilizar esta ferramenta de maneira activa. Agardamos que o 70 por cento do noso profesorado solicite formación desta índole.

Por último, o noso terceiro obxectivo trata sobre a plataforma Agueiro, establecendo como meta comezar a empregar a mesma entre os docentes para compartir recursos e contidos dixitais que permitirán mellorar a nosa ensinanza dende o punto de vista tecnolóxico.

Establecimos como porcentaxe a conseguir de profesorado que participa na ferramenta, o 50 por cento do claustro.

3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

A necesidade principal do noso centro é unha conectividade efectiva que permita empregar os recursos tecnolóxicos e poner en marcha os contidos dixitais dun xeito satisfactorio. A conexión é inestable e polo tanto resulta complexo dixitalizar o aprendizaxe do alumnado. Trátase dun edificio cunha estrutura arquitectónica antiga, polo que é posible que as paredes non permitan o correcto funcionamento da rede.

Ademais, non contamos cun aula de informática. Será o curso 22/23 cando contaremos con ela. Os soportes electrónicos necesarios xa se atopan no centro mais agardarase ata o próximo curso para poñela en marcha. Este aula permitirá ao noso alumnado traballar e avanzar na súa competencia dixital.

Táboa para cada obxectivo do Plan de Acción

"Área/s de mellora": D: Desenvolvemento Profesional Continuo						
OBXECTIVO 1 (1):	Mellorar a competencia dixital do profesorado				Acadado	
RESPONSABLE:	Equipo directivo				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Porcentaxe de participación do profesorado en cursos sobre competencia dixital					
Valor de partida (3)	4% de mestres/as participan en cursos sobre competencia dixital					
Valor previsto e data (4)	50% de mestres/as participan en cursos sobre competencia dixital			20/06/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO1.1: Realizar unha enquisa sobre necesidades de formación	Equipo directivo	Curso 22/23			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Solicitar formación	Claustro	Curso 22/23			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3: Participar en cursos formativos que se ofrezan para o profesorado	Claustro	Curso 22/23	Oferta de cursos desta índole por parte de Fprofe		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

“Área/s de mellora”: D: Desenvolvemento Profesional Continuo, H: Competencia Dixital do Alumnado						
OBXECTIVO 2 (1):	Formar ao profesorado en aulas virtuais para a mellora na retroalimentación co alumnado				Acadado	
RESPONSABLE:	Coordinador/a TIC				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Porcentaxe do avance na formación					
Valor de partida (3)	25% do profesorado solicita formación					
Valor previsto e data (4)	70% do profesorado solicita formación			20/06/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO2.1: Solicitar formación desta índole	Equipo directivo	1º trimestre			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.2: Formar ao alumnado en aulas virtuais	Equipo TIC	2º trimestre	Soportes electrónicos Aula		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.3: Poñer en marcha recursos que permitan unha retroalimentación cara ao alumnado	Profesorado	3º trimestre	Soportes tecnolóxicos		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

“Área/s de mellora”: E: Pedagogía: Apoios e Recursos						
OBXECTIVO 3 (1):	Poñer en marcha a plataforma Agueiro				Acadado	
RESPONSABLE:	Equipo TIC				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Porcentaxe de participación do profesorado na plataforma					
Valor de partida (3)	0% de mestres/as participan na plataforma					
Valor previsto e data (4)	50% de mestres/as participan na plataforma			20/06/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO3.1: Recibir formación sobre a plataforma	Equipo TIC	De setembro a decembro de 2022	Cursos de formación		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.2: Crear o agueiro para o centro	Equipo TIC	Febreiro do 2023	Ordenador		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.3: Poñer en marcha o intercambio de recursos e contidos dixitais entre docentes	Profesorado	De febreiro a xuño de 2023	Soportes tecnolóxicos Recursos dixitais		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

REPETIR TANTAS TÁBOAS COMO OBXECTIVOS

Axuda para completar as táboas:

- (1) **Establecer e numerar OBXECTIVOS “SMART”** (que queremos conseguir). Recoméndase que estes obxectivos sexan:
- Específicos (Specific)**, é dicir, deben ser o máis concretos posible. A lectura do obxectivo por parte de calquera membro do claustro debe permitir comprender exactamente que se pretende facer e como;
 - Medibles (Measurable)**, deben responder a metas cuantificables. Se o obxectivo non é medible, non poderemos saber cando foi acadado;
 - Alcanzables (Achievable)**, é dicir, poden e deben ser ambiciosos, pero realistas;
 - Relevante (Relevant)**, debemos formular obxectivos que conleven un beneficio importante para a organización educativa;
 - Definidos no tempo (Time bound)**, isto facilitaranos identificar as distintas etapas e fitos que permitirán acadalos.

Para cada obxectivo se establecerá a **persoa responsable** do seu seguimento.

No conxecto da avaliación do Plan, se reflectirá na propia táboa a consecución ou non do obxectivo en cuestión marcando a opción correspondente (**Acadado** ou **Non acadado**).

- (2) **INDICADOR: Permitirán avaliar** a consecución ou non dos obxectivos. Os indicadores deben ser claros e medibles, e respostar a escalas numéricas.
- (3) **VALOR de PARTIDA:** Debe ser o valor do indicador (claro e numérico) na situación inicial do centro.
- (4) **VALOR PREVISTO:** Cantidade numérica do indicador que queremos alcanzar. Establecerase a **data** límite para acadar dito valor.

ACCIÓNS A DESENVOLVER:

- (5) **DESCRICIÓN:** Establecer e numerar accións **concretas e necesarias**, para desenvolver o obxectivo (Para o obxectivo 1, a primeira acción nomearase AO1.1., a segunda AO1.2. e así sucesivamente).
- (6) **RESPONSABLES:** Persoa ou equipo de persoas implicadas que se responsabilizan da realización da acción.
- (7) **DATA PREVISTA FIN:** Data concreta na que está finalizaría a acción completamente.
- (8) **RECURSOS NECESARIOS:** Recursos que precisaremos para poder completar esa liña (equipamento, persoal, infraestruturas,...).
- (9) **VALORACIÓN DA ACCIÓN:** No contexto do seguimento do Plan de Acción é preciso valorar (mediante unha valoración sucinta) o logro de cada acción de mellora en función da temporalización prevista.
- (10) **ESTADO:** Permite reflectir de xeito rápido á hora de avaliar o Plan a situación de cada acción en relación co grao de desenvolvemento

4. Avaliación do plan

En canto á avaliación do Plan Dixital debemos diferenciar dous tipos da mesma. Por unha parte unha **avaliación global** que se levará a cabo de maneira anual, redactando a correspondente memoria ao finalizar cada un dos cursos académicos. Nela serán obxecto de avaliación os logros acadados polos diferentes axentes educativos, as melloras que se levaron a cabo ese curso e o nivel de logro dos obxectivos establecidos para o curso en cuestión.

Por outra parte e de forma máis específica, o equipo designado para iso, porá en marcha unha **avaliación procesual**, que terá lugar unha vez ao trimestre. Encargaranse de supervisar o proceso completo de acción, tanto a execución das propias accións coma o análise e valoración dos resultados obtidos. Ademais serán os encargados de establecer os cambios ou modificacións necesarias así como calquer mellora que se poida plantexar.

5. Difusión do plan

En canto á difusión do Plan dixital, unha vez xa elaborado, porase a disposición da comunidade educativa a través da páxina web, estando situada no apartado “documentos” da mesma.

Ademáis, trátase do primeiro borrador do Plan dixital do noso centro, polo que será levado a claustro e consello escolar para a súa aprobación.